REUNIÓN DA COMISIÓN 6ª, INDUSTRIA, ENERXÍA, COMERCIO E TURISMO

Día: 29.05.2018 Hora: 10:30

PARLAMENTO DE GALICIA

A Comisión 6ª, Industria, Enerxía, Comercio e Turismo, da que vostede forma parte, reunirase o próximo día 29 de maio de 2018, ás 10:30 horas, no pazo do Parlamento.

A orde do día é a seguinte :

Punto único. Proposicións non de lei

1 17111 (10/PNC-001424)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Losada Álvarez, Abel Fermín e Pérez Seco, José Manuel
Sobre o desenvolvemento polo Goberno galego dun programa de apoio, coordinado entre o Igape, Again, a Dirección Xeral de Comercio e Amtega, que permita a optimización dos fondos públicos empregados na modernización tecnolóxica das empresas e autónomos
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 182, do 27.09.2017

2 26703 (10/PNC-002058)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Presas Bergantiños, Noa e 5 máis
Sobre a actuación que debe levar a cabo a Consellería de Sanidade e a Xerencia do Complexo Hospitalario Universitario de Ourense en relación co conflito laboral do persoal do servizo de mantemento do centro
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 267, do 27.02.2018

3 27118 (10/PNC-002092)
Grupo Parlamentario de En Marea
Casal Vidal, Francisco
Sobre os informes e estudos que debe realizar a Xunta de Galicia antes de autorizar a implantación de novas grandes superficies comerciais
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 272, do 07.03.2018

4 27237 (10/PNC-002109)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Pérez Seco, José Manuel e 3 máis
Sobre o arranxo polo Goberno galego das deficiencias detectadas no Camiño de Santiago ao seu paso polo concello do Saviñao
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 276, do 14.03.2018

5 29321 (10/PNC-002324)
Grupo Parlamentario Popular de Galicia
Blanco Paradelo, Moisés e 6 máis
Sobre o impulso polo Goberno galego dun programa formativo específico para concienciar os directivos e empresarios respecto das oportunidades e as vantaxes competitivas asociadas á transformación dixital
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 293, do 18.04.2018

6 29323 (10/PNC-002325)
Grupo Parlamentario Popular de Galicia

PARLAMENTO DE GALICIA

Romero Fernández, Cristina Isabel e 6 máis
Sobre o impulso polo Goberno galego do uso da marca "Artesanía de Galicia" nos establecementos comerciais, co fin de contribuír á mellora da súa visibilidade e comercialización
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 293, do 18.04.2018

7 29743 (10/PNC-002377)
Grupo Parlamentario de En Marea
Casal Vidal, Francisco
Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación coas prácticas enganosas que están a desenvolver as compañías distribuidoras de enerxía eléctrica para trasladar aos seus clientes ao mercado libre da electricidade
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 296, do 25.04.2018

8 30298 (10/PNC-002436)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Presas Bergantiños, Noa e 5 máis
Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación coas deficiencias e carencias que presenta en materia de sinalización e seguridade o Camiño de Santiago ao seu paso por Seixalbo, na provincia de Ourense
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 301, do 08.05.2018

Os grupos parlamentarios poderán presentar emendas ás proposicións non de lei ata seis horas antes do inicio da sesión, o abeiro do disposto no artigo 161.2 do Regulamento.

O que lle comunico para o seu coñecemento e a súa convocatoria á devandita reunión.

Santiago de Compostela, 21 de maio de 2018

Cristina Isabel Romero Fernández
Presidenta da Comisión

RELACIÓN DE MEMBROS DE

COMISIÓN 6ª, INDUSTRIA, ENERXÍA, COMERCIO E TURISMO

POR ORDE ALFABÉTICA

Mesa

Presidenta

Cristina Isabel Romero Fernández	P

Vicepresidenta

Sandra Vázquez Domínguez	P

Secretaria

Noa Presas Bergantiños	BNG

Vogais

María Ángeles Antón Vilasánchez	P
Moisés Blanco Paradelo	P
Francisco Casal Vidal	EM
Luca Chao Pérez	EM
Abel Fermín Losada Álvarez	S
María Isabel Novo Fariña	P
Marta Nóvoa Iglesias	P
José Manuel Pérez Seco	S
Miguel Ángel Tellado Filgueira	P

Reunión da Comisión 6ª, Industria, Enerxía, Comercio e Turismo

Día: 29.05.2018 Hora: 10:30

Orde do día

1. Proposicións non de lei

Reunión da Comisión 6ª, Industria, Enerxía, Comercio e Turismo
Día: 29.05.2018 Hora: 10:30
Orde do día

1.1 17111(10/PNC-001424)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Losada Álvarez, Abel Fermín e Pérez Seco, José Manuel

Sobre o desenvolvemento polo Goberno galego dun programa de apoio, coordinado entre o Igape, Again, a Dirección Xeral de Comercio e Amtega, que permita a optimización dos fondos públicos empregados na modernización tecnolóxica das empresas e autónomos

Publicación da iniciativa, 182, 27.09.2017

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 20/09/2017 17:32
Nº Rexistro: 17111
Data envio: 20/09/2017 17:32:34.122

Grupo Parlamentario

Partido dos Socialistas de Galicia

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia,** por iniciativa dos seus deputados **Abel Losada Alvarez e José Manuel Pérez Seco**, a través do seu portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa a seguinte **proposición non de lei** en **Comisión 6.ª, Industria, Enerxía, Comercio e Turismo**.

Exposición de motivos

A pesar do continuo exercicio de publicidade e propaganda sobre a extensión das TIC´s no tecido produtivo da Comunidade Autónoma, e das inxentes cantidades de fondos que se destinan a apoiar esta extensión, a realidade, denunciada en moitas ocasións polo Grupo Socialista é que as zonas de sombra son aínda moitas en Galicia; e non só en zonas afastadas do interior, senón en moitos casos en zonas próximas aos núcleos urbanos. Estas carencias de carácter xeográfico, levan tamén a inhibición en moitos casos das empresas.

Así, os últimos datos sinalan que Galicia encabeza a caída do gasto empresarial en novas tecnoloxías tras caer un 44 %. De feito, a inversión das compañías da comunidade nas TIC alcanza unicamente o 1 % do total nacional, e só un 15 % das grandes firmas vende por internet.

Estas carencias poñen enriba da mesa as dificultades para desenvolver actividades económicas que podan competir nos mercados globalizados, algo que debería de ser un obxectivo estratéxico para o noso país, máis alá da publicidade e a propaganda.

Como podemos observar, a pesares da aparente urxencia coa que o Goberno galego reclama a actividade lexislativa para, en teoría, favorecer as instalacións empresariais, o certo é que os feitos concretos que van máis alá da publicidade e a propaganda mostran unha realidade ben distinta.

Rúa do Hórreo, s/n Parlamento de Galicia. Tfno: 981 551 530 – Fax: 981 551 418 · 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA gp-socialista@parlamentodegalicia.es

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 20/09/2017 17:32
Nº Rexistro: 17111
Data envio: 20/09/2017 17:32:34.122

Por todo o exposto, o Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia presenta a seguinte proposición non de lei para o seu debate en Comisión:

O Parlamento galego insta a Xunta de Galicia que:

1. Desenvolva un programa de apoio coordinado entre o Igape, Again, a Dirección Xeral de Comercio e Amtega, que permita optimizar os fondos públicos empregados na modernización tecnolóxica das empresas e autónomos.
2. Un programa que permita financiar as asistencias técnicas necesarias para implantar os sistemas tecnolóxicos necesarios, así como a propia organización empresarial e dos procesos de produción e de comercialización.
3. Que este programa estableza liñas específicas de axuda para pemes.
4. Que este programa estableza liñas específicas de axuda para micro-empresas.
5. Que este programa estableza liñas específicas de axuda para autónomos unipersoais.

Pazo do Parlamento, 19 de setembro de 2017

Asdo.: Abel Losada Alvarez
José Manuel Pérez Seco
Deputados do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asdo.: Xoaquín Fernández Leiceaga
Portavoz do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

Abel Fermín Losada Álvarez na data 20/09/2017 17:18:35

Jóse Manuel Pérez Seco na data 20/09/2017 17:18:42

Rúa do Hórreo, s/n Parlamento de Galicia. Tfno: 981 551 530 – Fax: 981 551 418 · 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA gp-socialista@parlamentodegalicia.es

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 20/09/2017 17:32
Nº Rexistro: 17111
Data envio: 20/09/2017 17:32:34.122

Grupo Parlamentario

Xoaquín María Fernández Leiceaga na data 20/09/2017 17:18:47

Partido dos
Socialistas
de Galicia

Rúa do Hórreo, s/n Parlamento de Galicia. Tfno: 981 551 530 – Fax: 981 551 418 · 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA gp-socialista@parlamentodegalicia.es

Reunión da Comisión 6ª, Industria, Enerxía, Comercio e Turismo
Día: 29.05.2018 Hora: 10:30
Orde do día

1.2 26703(10/PNC-002058)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Presas Bergantiños, Noa e 5 máis

Sobre a actuación que debe levar a cabo a Consellería de Sanidade e a Xerencia do Complexo Hospitalario Universitario de Ourense en relación co conflito laboral do persoal do servizo de mantemento do centro

Publicación da iniciativa, 267, 27.02.2018

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 22/02/2018 09:30
Nº Rexistro: 26703
Data envio: 21/02/2018 19:08:20.289

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, a iniciativa das deputadas e deputados **Noa Presas Bergantiños**, **Luis Bará Torres**, **Ana Pontón Mondelo**, **Xosé Luis Rivas Cruz**, **Olalla Rodil Fernández** e **Montserrat Prado Cores**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para o seu debate na Comisión 6ª**, relativa ao servizo de mantemento e seguridade industrial do Complexo Hospitalario de Ourense.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

No 2014 foi adxudicado o servizo de xestión integrada de varios servizos non asistenciais, que incluía o de mantemento, do Complexo Hospitalario de Ourense por máis de 140 millóns de euros á empresa Ferrovial por un tempo de quince anos.

Na altura esta operación foi censurada por organizacións como o Bloque Nacionalista Galego por supoñer unha privatización de servizos como o de mantemento, até a altura cun cadro de persoal público, ademais de por supoñer macrocontratos en termos que imposibilitaban o acceso a eles as pequenas e medianas empresas. Xa no 2012 o BNG tiña censurado este tipo de adxudicacións a cambio de financiamento e de macroservizos que impedían a libre competencia.

Nos últimos anos as e os traballadores de servizos dependentes de Ferrovial teñen denunciado a vulneración dos seus dereitos laborais. Máis concretamente, recentemente o persoal responsábel do mantemento e, polo tanto, de elementos de grande importancia no ámbito hospitalario como cuestións de seguridade industrial, arranxos, etc. Falta de persoal, vulneración do convenio de siderometal e agravios

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 22/02/2018 09:30
Nº Rexistro: 26703
Data envio: 21/02/2018 19:08:20.289

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

comparativos con traballadores doutros hospitais son algunhas das cuestións graves que están a acontecer.

Así as cousas, recentemente o cadro de persoal traballador do servizo de mantemento celebraron diversas mobilizacións na procura da resolución da súa situación de desigualdade e unha convocatoria de folga indefinida.

O emprego xerado polas administracións públicas debe ser exemplarizante e polo tanto é urxente que a Consellaría de Sanidade e a Xerencia do Complexo Hospitalario de Ourense se impliquen na resolución do conflito. Por todas estas razóns…

Por todo isto, o Grupo Parlamentar do BNG presenta a seguinte proposición non de lei para debate na Comisión 6ª:

"O Parlamento Galego acorda instar á Xunta de Galiza a que a Consellaría de Sanidade e a Xerencia do Complexo Hospitalario de Ourense se impliquen na resolución do conflito comprometéndose á negociación co cadro de persoal co obxecto de mellorar as condicións laborais e corrixir a situación de desigualdade e vulneración das mesmas."

Santiago de Compostela, 21 de febreiro de 2018

Asdo.: **Noa Presas Bergantiños**

Montserrat Prado Cores

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 22/02/2018 09:30
Nº Rexistro: 26703
Data envio: 21/02/2018 19:08:20.289

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Olalla Rodil Fernández

Xosé Luis Rivas Cruz

Luis Bará Torres

Deputadas e deputados do G.P. do BNG

Ana Pontón Mondelo

Portavoz do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Noa Presas Bergantiños na data 21/02/2018 19:07:56

María Montserrat Prado Cores na data 21/02/2018 19:08:00

Xose Luis Rivas Cruz na data 21/02/2018 19:08:03

Olalla Rodil Fernández na data 21/02/2018 19:08:05

Xosé Luis Bará Torres na data 21/02/2018 19:08:06

Ana Pontón Mondelo na data 21/02/2018 19:08:11

Reunión da Comisión 6ª, Industria, Enerxía, Comercio e Turismo
Día: 29.05.2018 Hora: 10:30
Orde do día

1.3 27118(10/PNC-002092)

Grupo Parlamentario de En Marea

Casal Vidal, Francisco

Sobre os informes e estudos que debe realizar a Xunta de Galicia antes de autorizar a implantación de novas grandes superficies comerciais

Publicación da iniciativa, 272, 07.03.2018

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 01/03/2018 09:47
Nº Rexistro: 27118
Data envio: 01/03/2018 09:47:43.522

GRUPO PARLAMENTAR
en marea

Á MESA DO PARLAMENTO

O Grupo Parlamentar de En Marea, por iniciativa do seu deputado **Francisco Casal Vidal,** ao abeiro do artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei, para o seu debate na Comisión 6.ª,** relativa aos estudos necesarios para as autorizacións de implantación de grandes centros comerciais.

Exposición de motivos

Galicia ten case un millón de metros cadrados ocupados por centros comerciais. Supoñen neste momento 39 centros comerciais operativos: 18 na Coruña, 16 en Pontevedra, 3 en Lugo e 2 en Ourense.
De aquí ao 2020 está prevista a construción doutros 400.000 metros cadrados, o 20% da totalidade dos proxectados en toda España.

Fondos de investimento internacionais e promotores impulsan cinco novos centros comerciais, todos eles no sur de Galicia (dous na provincia de Ourense e tres na de Pontevedra), que suman eses 400.000 metros cadrados.

Nestes momentos A Coruña acapara máis da metade da actual oferta de grandes áreas de compras: 530.829 metros dun total de 916.029 en toda Galicia. Entre os proxectos máis avanzados está o parque comercial de San Cibrao das Viñas (Ourense) promovido por Kronos Properties, cunha superficie comercial de 18.500 metros cadrados. Ten prevista a súa apertura no primeiro semestre do 2019. Nese mesmo período de tempo abrirá tamén en Ourense Leroy Merlín unha instalación comercial de 10.000 metros.

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 01/03/2018 09:47
Nº Rexistro: 27118
Data envio: 01/03/2018 09:47:43.522

As maiores operacións de futuro están situadas en Vigo. Alí está proxectado para 2020 o proxecto de Vialia na estación do AVE cunha superficie construída de 90.476 metros.

O fondo británico Eurofund Capital Partners mantén o plan de construír en Vigo o maior centro comercial de Galicia, de 500.000 metros cadrados de superficie a pesar da controversia que suscita. Unha iniciativa imposible de desenvolver co vixente plan urbanístico da cidade. O fondo de investimento tenta eludir este plan coa colaboración da Xunta de Galicia para que declare o proxecto de carácter supramunicipal, o que permitiría a Eurofund saltarse a nulidade do plan xeral.

No veciño municipio de Mos está en fase inicial de estudos o centro comercial de 120.000 metros cadrados da Cidade Deportiva do Celta, que tamén esixiría modificacións da normativa urbanística.

Como vemos polos datos anteriores, as maiores superficies galegas están en mans de fondos internacionais de capital risco, que consideran estes investimentos meramente especulativos e non dubidan en pechalas de maneira fulminante se non conseguen os resultados a curto prazo que consideran necesarios. Isto é o que está a pasar en Estados Unidos con peches en cadea de grandes espazos.

Esta situación de concentración da propiedade da superficie comercial en Galicia, moi superior á doutras zonas de España e Europa, en mans de fondos especulativos é un risco enorme para a diversidade do ecosistema comercial xa que canibaliza e destrúe o pequeno comercio nos centros das cidades con todas as consecuencias negativas que iso implica para un desenvolvemento social sustentable das mesmas e afecta moi negativamente ao seu atractivo de face aos visitantes.

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 01/03/2018 09:47
Nº Rexistro: 27118
Data envio: 01/03/2018 09:47:43.522

Supoñen ademais, estes grandes centros, unha diminución inasumible de posibilidades de mercado para os pequenos propietarios de locais comerciais nos centros e os barrios das cidades.

Os prezos de aluguer da superficie comercial nos grandes centros é inasumible para iniciativas da pequena empresa o que leva a que estes centros estean copados polas grandes marcas e as súas franquías. Isto limita moitísimo a capacidade de innovación e desenvolvemento de novas iniciativas de capital e emprendemento local e as súas posibilidades de desenvolvemento tanto en Galicia como noutros territorios a partir dunha forte implantación local.

Tamén esta concentración masiva, polo comentado no parágrafo anterior, reduce de maneira drástica a diversidade comercial, o que resta atractivo ás cidades, que non poden ofrecer aos visitantes zonas comerciais diferenciadas e con valores e produtos autóctonos que o visitante non pode atopar nos seus lugares de orixe.

Ante todo isto consideramos que non se pode seguir con esta barra libre, para os grandes fondos de capital especulativo, para implantar de maneira masiva centros comerciais sen antes estudar a fondo as súas consecuencias en todo o comercio local naquelas zonas onde xa se instalaron e nas que se proxectan para o futuro.

Ante todo o exposto consideramos que o Goberno da Xunta de Galicia debe intervir e, a este fin, En Marea presenta a seguinte **Proposición non de lei para o seu debate en Comisión.**

O Parlamento de Galicia insta á Xunta de Galicia a:

1.- Que antes de autorizar a instalación de novos centros comerciais se desenvolvan informes das consecuencias para o comercio local, e a destrución de

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 01/03/2018 09:47
Nº Rexistro: 27118
Data envio: 01/03/2018 09:47:43.522

emprego que implica, da implantación de grandes superficies comerciais nas zonas de afectación dos mesmos.

2.- Que antes de autorizar a instalación de novos centros comerciais se desenvolvan informes das consecuencias, desaxustes e saturación do mercado para os pequenos propietarios de locais comerciais nas zonas onde se instalan grandes superficies. Os informes tamén reflectiran a superficie comercial desocupada nos centros e nos barrios das zonas afectadas.

3.- Como referencia para outras posibles autorizacións, realizar un estudo na zona metropolitana da Coruña, por ser a máis saturada e afectada nestes momentos, da afectación que os novos centros comerciais tiveron nos últimos 10 anos no peche de comercio local e de proximidade, o emprego destruído, redución da diversidade comercial, redución de puntos de venda de produtos locais, etc.

Santiago de Compostela, 28 de febreiro de 2018.

Asdo.: Francisco Casal Vidal
Deputado do G.P. de En Marea.

Asdo.: Luís Villares Naveira
Voceiro do G.P. de En Marea.

Asinado dixitalmente por:

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 01/03/2018 09:47
Nº Rexistro: 27118
Data envio: 01/03/2018 09:47:43.522

GRUPO PARLAMENTAR
en marea

Francisco Casal Vidal na data 01/03/2018 09:44:06

Luis Villares Naveira na data 01/03/2018 09:45:37

Reunión da Comisión 6ª, Industria, Enerxía, Comercio e Turismo
Día: 29.05.2018 Hora: 10:30
Orde do día

1.4 27237(10/PNC-002109)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Pérez Seco, José Manuel e 3 máis

Sobre o arranxo polo Goberno galego das deficiencias detectadas no Camiño de Santiago ao seu paso polo concello do Saviñao

Publicación da iniciativa, 276, 14.03.2018

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 02/03/2018 16:30
Nº Rexistro: 27237
Data envio: 02/03/2018 16:25:10.651

Grupo Parlamentario

Partido dos Socialistas de Galicia

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia,** por iniciativa dos seus deputados **José Manuel Pérez Seco, Patricia Vilán Lorenzo, Abel Losada Álvarez** e **José Antonio Quiroga Díaz,** a través do seu portavoz, e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **proposición non de lei** para o seu debate en **Comisión 6.ª, Industria, Enerxía, Comercio e Turismo.**

Exposición de motivos

A Xunta de Galicia elaborou "O Plan director do Camiño de Santiago 2015-2021" que, segundo expón, suporá unha ferramenta de xestión para a Xunta de Galicia e unha folla de ruta que marcará as directrices para favorecer a conservación e a protección do camiño na nosa comunidade.

O dito plan director consta de 4 obxectivos, 5 retos e 4 eixes de desenvolvemento coas súas liñas estratéxicas.

No seu apartado 4. Retos e visión compartida. Establécese que a visión é "Un camiño de todos para todos, un camiño adaptado para o peregrino de 2021, e un camiño modelo demostrador internacional."
No apartado 8. Visión desexada no 2021. Deséñase unha Etapa Modelo tipo na que se reflicte como se visualiza o Camiño para acoller ao peregrino do 2021 en materia de aloxamentos, servizos ao peregrino, conservación das rutas e do patrimonio, etc.

Para acadar esta etapa modelo en todo o camiño, vanse a abordar as accións de xeito coordinado entre os distintos axentes no marco de cada ruta atendendo aos seus anos por Camiño, previamente establecidos.
Deste xeito, establécese para o ano 2017 a consecución das accións necesarias para acadar o obxectivo da etapa modelo nos itinerarios dos Camiño Francés, Camiño Fisterra Muxía e do Camiño Inglés.

Este obxectivo, establece como vai ser o camiño que vai acoller ao peregrino do 2021, o estándar de como vai quedar cada un dos itinerarios sobre os que se vai actuar:

Rúa do Hórreo, s/n Parlamento de Galicia. Tfno: 981 551 530 – Fax: 981 551 418 · 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA gp-socialista@parlamentodegalicia.es

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 02/03/2018 16:30
Nº Rexistro: 27237
Data envio: 02/03/2018 16:25:10.651

Servizos ao peregrino:

- Xestión enerxética, hídrica e de residuos eficiente.
- Wifi na rede de albergues públicos.
- Profesionais cualificados: idiomas.
- Oferta gastronómica.
- Produtos artesáns.
- Oferta cultural.
- Camiño limpo e en bo estado.
- Xestión integral dos residuos
- Áreas de descanso cada 20 quilómetros.
- Asistencia sanitaria.
- Acceso a internet gratuíto no trazado do camiño.
- Conservación do Patrimonio cultural.
- Plantación de especies autóctonas.
- Núcleos de poboación e patrimonio etnográfico protexido e rehabilitado.
- Rutas alternativas para BBT e persoas con mobilidade reducida
- Sinalización: Mouteira oficial cada 0,5 km e cartel direccional en cada cruce ou tramo que o precise.
- Fonte de auga potable cada 20 quilómetros.
- Áreas habilitadas para bebedoiros de animais.
- Seguridade viaria: sen cruces perigosos, rutas peonís alternativas.

Pero a realidade dista moito de cumprir este obxectivo de etapa modelo nos itinerarios indicados, pois son varias as deficiencias que se detectan nos tres itinerarios:

- Existencia de cruces moi perigosos, sen rutas alternativas.
- Deficiencia na sinalización do camiño, con falta de homologación nalgúns tramos do camiño.
- Deficiente accesibilidade para persoas con diversidade funcional e/ou mobilidade reducida, tanto no camiño como nos albergues públicos.
- Albergues sen sinalización para as persoas con diversidade funcional.

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 02/03/2018 16:30
Nº Rexistro: 27237
Data envio: 02/03/2018 16:25:10.651

- Deficiencia na conectividade, cun 80 % dos tramos galegos sen Wifi libre e aberta.
- Escaseza de fontes con auga potable, así como de bebedoiros para animais.
- Animais abandonados en tramos do camiño.
- Campañas de promoción non artelladas conxuntamente coas deputacións e os concellos afectados.
- Escaso apoio da Consellería de cultura en determinados concellos por onde pasa o camiño.

No paso do Camiño de Santiago polo concello de O Saviñao, as deficiencias son varias:

- En tramos puntuais fai falla unha labor continua (tódolos anos) de limpeza de broza para que o camiño sexa transitable.
- No linde de O Saviñao e Pantón hai un punto negro ao ter que cruzar un rego sen pontillón nin peaxes.
- Dificultade para obter auga potable ao pé do camiño.

Por todo o exposto, o Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia presenta a seguinte proposición non de lei para o seu debate en Comisión:

O Parlamento galego insta a Xunta de Galicia para que no prazo máximo de tres meses se arranxen as deficiencias do Camiño de Santiago o seu paso polo termo municipal de O Saviñao.

Pazo do Parlamento, 1 de marzo de 2018

Asdo.: José Manuel Pérez Seco
Abel Losada Álvarez
José Antonio Quiroga Díaz
Deputados do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asdo.: Xoaquín Fernández Leiceaga
Portavoz do G.P. dos Socialistas de Galicia

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 02/03/2018 16:30
Nº Rexistro: 27237
Data envio: 02/03/2018 16:25:10.651

Grupo Parlamentario

Partido dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

Jóse Manuel Pérez Seco na data 02/03/2018 13:45:04

Abel Fermín Losada Álvarez na data 02/03/2018 13:45:13

José Antonio Quiroga Díaz na data 02/03/2018 13:45:19

Xoaquín María Fernández Leiceaga na data 02/03/2018 13:45:26

Rúa do Hórreo, s/n Parlamento de Galicia. Tfno: 981 551 530 – Fax: 981 551 418 · 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA gp-socialista@parlamentodegalicia.es

Reunión da Comisión 6ª, Industria, Enerxía, Comercio e Turismo
Día: 29.05.2018 Hora: 10:30
Orde do día

1.5 29321(10/PNC-002324)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Blanco Paradelo, Moisés e 6 máis

Sobre o impulso polo Goberno galego dun programa formativo específico para concienciar os directivos e empresarios respecto das oportunidades e as vantaxes competitivas asociadas á transformación dixital

Publicación da iniciativa, 293, 18.04.2018

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 12/04/2018 13:39
Nº Rexistro: 29321
Data envio: 12/04/2018 13:39:30.452

GRUPO PARLAMENTARIO POPULAR DE GALICIA

A Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentario Popular de Galicia** a través do seu **Portavoz** e por iniciativa dos deputados e deputadas, **Moisés Blanco Paradelo, Miguel Tellado Filgueira, María Antón Vilasánchez, Isabel Novo Fariña, Marta Nóvoa Iglesias, Cristina Romero Fernández** e **Sandra Vázquez Domínguez,** ao abeiro do disposto no artigo 160 e concordantes do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa, a seguinte **proposición non de lei para o seu debate na Comisión 6ª, Industria, Enerxía, Comercio e Turismo.**

Exposición de motivos

As tecnoloxías dixitais semellan estar en todas partes pero aínda están comezando a penetrar en moitas das industrias, onde están chamadas a proporcionar importantes oportunidades. Segundo os expertos, as estratexias dixitais acabarán por ser o maior elemento diferencial das empresas e clave nas perspectivas de futuro.

O recente estudo sobre as oportunidades 4.0, elaborado pola Xunta en colaboración con Atiga, pon de manifesto que entre as barreiras percibidas polas empresas industriais para avanzar na dixitalización está o descoñecemento das novas tecnoloxías e do impacto que as mesmas teñen no seu negocio, así como a falta de recursos humanos capacitados para sacar partido das novas oportunidades.

As empresas necesitan, polo tanto, deseñar e aplicar estratexias dixitais orientadas a transformar os seus negocios e satisfacer as expectativas dos seus clientes, e non limitarse a incorporación de tecnoloxía para apoiar o negocio actual.

Esta estratexia das empresas debe ser definida e impulsada polos seus directivos, que deben coñecer e impulsar as oportunidades e as vantaxes competitivas asociadas á transformación dixital.

Cómpre recordar que a Xunta xa está a impulsar a transformación do tecido produtivo galego, a través da Axenda Industria 4.0. De feito, o primeiro plan bienal, correspondente ao período 2015-2016, serviu para impulsar múltiples accións que beneficiaron a 4.200 empresas en Galicia.

O presente plan, dotado con máis de 175 millóns de euros, está a afondar nesta transformación mediante programas de formación e de axudas aos investimentos no ámbito 4.0 que son pioneiros, e máis recentemente, tamén con novas axudas para xerar proxectos que permitan investir na dixitalización do tecido empresarial galego.

Pazo do Parlamento - Rúa do Hórreo, 63
15701 Santiago de Compostela
T. 981 551 510 F. 981 551 422
gp-pp@parlamentodegalicia.es
www.ppdegalicia.com

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 12/04/2018 13:39
Nº Rexistro: 29321
Data envio: 12/04/2018 13:39:30.452

GRUPO PARLAMENTARIO POPULAR DE GALICIA

Por todo o anterior entendemos que é necesario afondar neste camiño e impulsar a preparación do capital humano das empresas galegas, especialmente dos seus directivos, para sacar o mellor partido desta cuarta revolución industrial na que estamos inmersos, para tentar acelerar o seu proceso de transformación dixital e procurar que a transformación se faga sobre bases firmes.

Neste contexto, o Grupo Parlamentario Popular, presenta a seguinte proposición non de lei en Comisión:

"O Parlamento de Galicia insta á Xunta de Galicia a impulsar un programa formativo específico para concienciar a directivos e empresarios sobre as oportunidades e as vantaxes competitivas asociadas á transformación dixital".

Santiago de Compostela, 12 de abril de 2018

Asinado dixitalmente por:

Pedro Puy Fraga na data 12/04/2018 13:36:25

Moisés Blanco Paradelo na data 12/04/2018 13:36:34

Miguel Ángel Tellado Filgueira na data 12/04/2018 13:36:42

Maria Antón Vilasánchez na data 12/04/2018 13:36:51

María Isabel Novo Fariña na data 12/04/2018 13:36:58

Marta Novoa Iglesias na data 12/04/2018 13:37:05

Cristina Isabel Romero Fernández na data 12/04/2018 13:37:12

Sandra Vázquez Dominguez na data 12/04/2018 13:37:21

Pazo do Parlamento - Rúa do Hórreo, 63
15701 Santiago de Compostela
T. 981 551 510 F. 981 551 422
gp-pp@parlamentodegalicia.es
www.ppdegalicia.com

Reunión da Comisión 6ª, Industria, Enerxía, Comercio e Turismo
Día: 29.05.2018 Hora: 10:30
Orde do día

1.6 29323(10/PNC-002325)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Romero Fernández, Cristina Isabel e 6 máis

Sobre o impulso polo Goberno galego do uso da marca "Artesanía de Galicia" nos establecementos comerciais, co fin de contribuír á mellora da súa visibilidade e comercialización

Publicación da iniciativa, 293, 18.04.2018

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 12/04/2018 13:40
Nº Rexistro: 29323
Data envio: 12/04/2018 13:40:03.796

GRUPO PARLAMENTARIO POPULAR DE GALICIA

A Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentario Popular de Galicia** a través do seu **Portavoz** e por iniciativa das deputadas e deputados, **Cristina Romero Fernández, Moisés Blanco Paradelo, Miguel Tellado Filgueira, María Antón Vilasánchez, Isabel Novo Fariña, Marta Nóvoa Iglesias** e **Sandra Vázquez Domínguez,** ao abeiro do disposto no artigo 160 e concordantes do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa, a seguinte **proposición non de lei para o seu debate na Comisión 6ª, Industria, Enerxía, Comercio e Turismo.**

Exposición de motivos

Artesanía de Galicia é a marca que representa aos profesionais que conforman o sector artesán galego. O distintivo inclúe produtos de alta calidade e coidadosamente deseñados, que implican o saber facer dos nosos artesáns e artesás, pero tamén as raíces da nosa cultura e da nosa tradición.

Nun momento como o presente, caracterizado por mercados cada vez máis globalizados, a diferenciación é un valor engadido en alza que a artesanía achega debido aos seus produtos únicos. Neste contexto, a artesanía galega destaca pola produción de obras e obxectos de calidade excepcional que é valorada positivamente a nivel nacional e internacional.

A marca Artesanía de Galicia contribúe notablemente a este bo posicionamento ao ofrecer un distintivo cada vez máis recoñecido dentro e fora de comunidade, polo que debe realizarse un maior esforzo de visibilización e presenza, prestando especial atención aos establecementos comerciais, para aumentar o coñecemento e demanda polas persoas consumidores.

Nese sentido, o programa electoral co que o Partido Popular de Galicia obtivo a confianza maioritaria da cidadanía galega en 2016 recollía o compromiso da "Consolidación, promoción, difusión e protección da marca 'Artesanía de Galicia' como imaxe única do sector artesanal galego", explicando que "A marca configúrase como garantía de calidade para os consumidores ofrecendo unha imaxe harmónica, coordinada e representativa dos produtos artesanais galegos en todos os mercados".

Por todo o anterior, o Grupo Parlamentario Popular, presenta a seguinte proposición non de lei en Comisión:

Pazo do Parlamento - Rúa do Hórreo, 63
15701 Santiago de Compostela
T. 981 551 510 F. 981 551 422
gp-pp@parlamentodegalicia.es
www.ppdegalicia.com

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 12/04/2018 13:40
Nº Rexistro: 29323
Data envio: 12/04/2018 13:40:03.796

GRUPO PARLAMENTARIO POPULAR DE GALICIA

"O Parlamento de Galicia insta á Xunta de Galicia a impulsar o uso da **marca Artesanía de Galicia** nos establecementos comerciais, coa finalidade de contribuír na mellora da súa visibilidade e comercialización".

Santiago de Compostela, 12 de abril de 2018

Asinado dixitalmente por:

Pedro Puy Fraga na data 12/04/2018 13:33:07

Cristina Isabel Romero Fernández na data 12/04/2018 13:33:17

Moisés Blanco Paradelo na data 12/04/2018 13:33:24

Miguel Ángel Tellado Filgueira na data 12/04/2018 13:33:32

Maria Antón Vilasánchez na data 12/04/2018 13:33:40

María Isabel Novo Fariña na data 12/04/2018 13:33:46

Marta Novoa Iglesias na data 12/04/2018 13:33:55

Sandra Vázquez Dominguez na data 12/04/2018 13:34:04

Pazo do Parlamento - Rúa do Hórreo, 63
15701 Santiago de Compostela
T. 981 551 510 F. 981 551 422
gp-pp@parlamentodegalicia.es
www.ppdegalicia.com

Reunión da Comisión 6ª, Industria, Enerxía, Comercio e Turismo
Día: 29.05.2018 Hora: 10:30
Orde do día

1.7 29743(10/PNC-002377)

Grupo Parlamentario de En Marea

Casal Vidal, Francisco

Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación coas prácticas enganosas que están a desenvolver as compañías distribuidoras de enerxía eléctrica para trasladar aos seus clientes ao mercado libre da electricidade

Publicación da iniciativa, 296, 25.04.2018

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 19/04/2018 18:18
Nº Rexistro: 29743
Data envio: 19/04/2018 18:18:43.792

GRUPO PARLAMENTAR
en marea

Á MESA DO PARLAMENTO

O Grupo Parlamentario de En Marea, por iniciativa do seu deputado **Francisco Casal Vidal** e ao abeiro do artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei, para o seu debate na Comisión 6.ª,** relativa ás enganosas ofertas aos consumidores para contratar ou pasarse ao mercado libre da electricidade nos fogares.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Nos últimos meses están a producirse agresivas campañas de publicidade tanto en medios como mediante chamadas telefónicas e visitas domiciliarias por parte das principais comercializadoras que operan no mercado libre da electricidade. O obxectivo é conseguir que os consumidores renuncien á tarifa PVPC (Prezo Voluntario para o Pequeno Consumidor) pasándose ao mercado libre, habitualmente con ofertas enganosas de tarifas que na inmensa maioría dos casos vanlles a implicar sobrecustos e renuncia a posibles dereitos como o Bono Social. E o máis grave é que na maioría dos casos o consumidor non é consciente do que está a asinar.

Algúns dos usuarios serían conscientes de que contrataron a luz cunha comercializadora do mercado libre, pero a maioría cámbianse, ou cámbianos, sen sabelo, como denuncian as organizacións de consumidores.

A CNMC realiza cada seis meses unha enquisa entre os consumidores para examinalos. E a última, de novembro pasado, revela que o 44 % dos consultados non sabían que tipo de tarifa eléctrica tiñan contratada, e un cuarto deles tampouco coñecían que potencia eléctrica tiñan dispoñible no fogar.

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 19/04/2018 18:18
Nº Rexistro: 29743
Data envio: 19/04/2018 18:18:43.792

A CNMC tamén constatou estas prácticas de engano e hai un ano comunicou unha multa de 155.000 euros a Gas Natural Fenosa, Iberdrola, Endesa e Viesgo por cambiar o contrato de varios clientes para pasalos ao mercado libre sen o seu consentimento expreso.

En Marea xa rexistrou fai un ano unha PNL similar, pero a situación en vez de ser corrixida estase a agravar de maneira intolerable.

A última campaña das eléctricas do oligopolio, para tentar pasar masivamente a clientes ao mercado libre, foi no pasado mes de marzo de 2018, cunha carta a todos os seus clientes na que lles comunicaban a finalización no mes de abril do antigo Bono Social e que se non era renovado nesas datas perderíano. Tamén avisaban de que moitas persoas, ao cambiar as condicións do Bono Social xa non terían dereito a el. Non avisaron con tanta dilixencia da ampliación do prazo ao mes de outubro ante o fracaso do Goberno que ao non comunicalo axeitadamente aos consumidores fixo que só un 5% dos beneficiarios solicitaran a renovación na data límite.

Ante esta ameaza de perda do Bono Social, as compañías propoñían na mesma carta a recomendación de pasarse ao mercado libre e enganosamente parecían suxerir que lles permitiría manter unha tarifa reducida.

Polo contrario a realidade, despois dun estudo feito por En Marea, é que na maioría dos casos as persoas en PVPC no mes de marzo estaban a pagar unha media de 0,115 €/kwh e no mercado libre a 0,155 €/kwh, e incluso máis. É dicir un incremento do 35% na parte de enerxía do recibo.

Por outra banda as compañías poñen moitas dificultades e non informan axeitadamente para a contratación da tarifa PVPC con discriminación horaria, que favorecería a máis do 33% dos fogares.

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 19/04/2018 18:18
Nº Rexistro: 29743
Data envio: 19/04/2018 18:18:43.792

Na inmensa maioría dos casos ter un contrato deste tipo non sae a conta e é máis barata a tarifa regulada. Con todo, moitos usuarios déixanse conquistar polos descontos que prometen as compañías do negocio libre durante o primeiro ano, que a partir do segundo convértense en subidas enmascaradas. Ademais, outro tipo de ofertas ofrecen a oportunidade de abonar un prezo fixo cada mes, pero esa estabilidade págase e a factura engorda ao final de ano.

Ademais ao pasar ao mercado libre aos consumidores as comercializadoras eluden as normativas do regulado polo Ministerio de Enerxía e pactan directamente co cliente prezos e condicións do contrato.
Desta maneira eluden e anulan dereitos dos consumidores que se inclúen na tarifa PVPC dos que en moitos casos as persoas que cambian o contrato non son conscientes e que nunca lles son advertidos. Entre outros podemos citar:

- Regulación sobre os cortes de subministración por falta de pagamento de facturas. No PVPC, as comercializadoras deben dar unha marxe de tempo de ata catro meses aos clientes nesa situación antes de deixalos sen luz. No libre, a interrupción pode ser instantánea.
- No regulado tamén se ofrece a posibilidade de acollerse ao bono social, que non existe no outro. No libre non é posible acollerse ao bono social.

Ata hai pouco tempo a inmensa maioría de consumidores galegos estaban na tarifa PVPC, pero as agresivas e enganosas campañas mencionadas están a reverter esta situación, o que constitúe unha estafa de enormes magnitudes. Mesmo se dá o caso de que en novas contratacións nin sequera se ofrece ao consumidor a posibilidade de contratar a PVPC. É verdade que a tarifa de libre mercado podería ser vantaxosa para algúns fogares, pero son os mínimos e con condicións moi especiais.

A situación actual é a seguinte:

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 19/04/2018 18:18
Nº Rexistro: 29743
Data envio: 19/04/2018 18:18:43.792

- Gas Natural Fenosa: 1.100.000 abonados en PVPC e 300.000 en mercado libre.
- Iberdrola: 3.000 abonados en PVPC e 94.000 en mercado libre.
- Viesgo: 37.000 abonados en PVPC e 54.500 en mercado libre.
- Endesa: 1.600 abonados en PVPC e 68.200 en mercado libre.

É dicir un total en Galicia de 516.700 consumidores no mercado libre.
Estimamos que ao 90% deles non lles compensa estar nesta tarifa, que lles supón, como mínimo, entre 100 e 200 € máis de custo anual polo seu consumo eléctrico, ademais de renunciar aos dereitos xa comentados.
Estas hipóteses levaríannos a estimar que a estafa que se está producindo supón un coste extra para as cidadás e cidadáns de entre 25,8 e 51,6 M€ ao ano.
Ante todo o exposto, consideramos que o Goberno da Xunta de Galicia ten que intervir de maneira urxente para dar resposta a esta agresión, económica é de dereitos, á cidadanía e poñer os medios para impedila.

A este fin, En Marea presenta a seguinte **Proposición non de lei** para o seu debate en Comisión:

O Parlamento de Galicia insta á Xunta de Galicia a:

1.- Promover unha campaña de información a través da Dirección Xeral de Comercio que advirta aos consumidores das prácticas que están a desenvolver as compañías distribuidoras de electricidade para trasladar aos seus clientes ao mercado libre.
2.- Establecer puntos de información en todas as cidades e cabeceiras de comarca de Galicia, en coordinación cos concellos, nos que as cidadáns e os cidadás podan ser asesoradas por expertos sobre a mellor tarifa e potencia contratada para o seu caso particular.
3.- Esixir ás compañías comercializadoras que informen aos usuarios do custo anual da enerxía, coas promocións e, unha vez rematadas as promocións,

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 19/04/2018 18:18
Nº Rexistro: 29743
Data envio: 19/04/2018 18:18:43.792

segundo o novo contrato que lles ofrezan en función do consumido o ano anterior, e lles fagan unha comparativa co que pagaron estando no PVPC.

4.- Esixir ás compañías comercializadoras de informar aos consumidores dos dereitos aos que renuncian en caso de pasar a súa tarifa ao mercado libre.

5.- Esixir ás compañías comercializadoras a aportar aos seus clientes información clara e comprensible sobre as posibles vantaxes de estar na PVPC con discriminación horaria.

Santiago de Compostela, 19 de abril de 2018.

Asdo.: Francisco Casal Vidal,
Deputado do G.P. de En Marea.

Asdo.: Luís Villares Naveira
Voceiro do G.P. de En Marea

Asinado dixitalmente por:

Francisco Casal Vidal na data 19/04/2018 18:16:47

Luis Villares Naveira na data 19/04/2018 18:16:59

Reunión da Comisión 6ª, Industria, Enerxía, Comercio e Turismo
Día: 29.05.2018 Hora: 10:30
Orde do día

1.8 30298(10/PNC-002436)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Presas Bergantiños, Noa e 5 máis

Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación coas deficiencias e carencias que presenta en materia de sinalización e seguridade o Camiño de Santiago ao seu paso por Seixalbo, na provincia de Ourense

Publicación da iniciativa, 301, 08.05.2018

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 02/05/2018 13:14
Nº Rexistro: 30298
Data envio: 02/05/2018 13:14:24.939

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, a iniciativa das deputadas e deputados **Noa Presas Bergantiños**, **Luis Bará Torres**, **Ana Pontón Mondelo**, **Xosé Luis Rivas Cruz**, **Olalla Rodil Fernández** e **Montserrat Prado Cores**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para o seu debate na Comisión 6ª**, relativa á corrección das deficiencias de sinalización e falta de seguridade do Camiño de Santiago ao seu paso por Seixalbo (Ourense).

A ruta da prata ou Camiño Mozárabe é a ruta xacobea de maior percorrido, conectando o sur da península con Santiago de Compostela constituíndo a prolongación dunha antiga calzada romana que unía a localidade de Mérida con Astorga. Esta vía mantívose viva na Alta Idade Media, primeiro cos visigodos e despois baixo dominación islámica. Posteriormente, na Baixa Idade Media os e as cristiás mozárabes recristianizárona e comezaron as peregrinacións desde o sur, tanto desde Andalucía como desde Estremadura. A día de hoxe é unha ruta moi visitada nos seus diferentes tramos e tamén hai moitas persoas que fan un anaco dela desde diferentes puntos. Xa na Galiza, esta ruta ten dous posíbeis itinerarios, un por Laza e outro por Verín, que conflúen no seu paso pola cidade de Ourense e os seus arredores.

Cómpre recordar que Seixalbo goza da consideración de Núcleo de Interese Etnográfico. As súas condicións de conservación fan que este núcleo sexa un valor engadido para as e os visitantes que cheguen a Ourense a través do Camiño e, ao mesmo tempo, require que o propio Camiño sexa un elemento de dinamización para a poboación. Porén, a día de hoxe existen varias problemáticas vencelladas que poden ir

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 02/05/2018 13:14
Nº Rexistro: 30298
Data envio: 02/05/2018 13:14:24.939

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

en detrimento destes factores de desenvolvemento así como da seguridade e sinalización do camiño, que repercutirán nunha peor experiencia tanto para as persoas peregrinas como para aquelas que empregan este treito do camiño, próximo á cidade, para practicar deporte e actividades de lecer. A isto súmanse as modificacións no propio recorrido do camiño que se impuxeron co trazado ferroviario pola falta de permeabilidade entre os núcleos de poboación por mor da infraestrutura.

Ao abeiro do Plan Director do Camiño contémplase a Liña estratéxica 3: Conservación e mantemento do Camiño de Santiago que recolle entre as súas actuacións prioritarias tanto a 3.1 . Mantemento viario, sinalización e seguridade vial no Camiño de Santiago como a 3.2 Camiño de Santiago accesíbel.

Actualmente, as e os peregrinos que veñen desde o alto de Bemposta dirección Ourense atravesan a zona da rúa Santa Águeda. En primeiro lugar, trátase dun tramo confuso e con deficiente sinalización que fan que as e os peregrinos continúen pola rúa Santa Águeda cara á dereita, con dirección á rúa camiño do tren no lugar de desviárense lixeiramente cara a esquerda ata atoparse coa vía do tren. Sería preciso, polo tanto, unha mellora da sinalización neste punto.

Así mesmo, en segundo lugar, as e os peregrinos ao atopárense coa vía do tren deben coller en paralelo á vía cara á esquerda un carreiro que desemboca na estrada Ou-105 e pasar por debaixo dunha ponte sobre a que discorre a vía. Porén, dunha banda hai unha deficiente sinalización pero tamén un problema de seguridade evidente (coordenadas 42°18'06.7"N 7°51'15.9"W). Nesta zona pasan coches a velocidade considerábel hai mala visión tanto para a ou o viandante (que non ten ningún sinal de advertencia) como para os vehículos (que teñen un único sinal de advertencia xa na inmediatez do cruce). Non hai tampouco elemento de seguridade algún (beirarrúa,

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 02/05/2018 13:14
Nº Rexistro: 30298
Data envio: 02/05/2018 13:14:24.939

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

vallas, espellos…) que permita prever o paso do vehículo ou da persoa viandante nin velar pola súa protección.

O referido Plan Director contempla a necesidade de priorizar as intervencións no Camiño de Santiago naquelas situacións nas que, como neste caso:

- Vese condicionada a seguridade das e dos peregrinos

- Conviven outros elementos de sinalización que dificultan a identificación do Camiño

- É precisa a eliminación da sinalización ilícita.

Máis aínda, desde o Bloque Nacionalista Galego queremos facer notar, ademais, o risco engadido no caso de tratarse de peregrinaxe a cabalo. Por outra banda, é preciso mellorar a sinaléctica da zona, tamén de cara a poñer en valor a contorna da Capela de Santa Águeda e indicar que, por exemplo, hai fontes aptas para o emprego humano, xa que, por mor das deficiencias así como da ruptura no camiño que supón a vía e a falta dun paso subterráneo, pasa desapercibida para moitas das persoas visitantes da ruta.

Por todos estes motivos, o Grupo Parlamentar do BNG presenta a seguinte proposición non de lei para debate na Comisión 6ª:

"O Parlamento galego acorda instar á Xunta de Galiza a:

1. Dirixir, no prazo máximo dun mes, actuacións conducentes a corrixir as deficiencias de sinalización do Camiño de Santiago ao seu paso por Seixalbo para unha mellor orientación das persoas que o recorren. Así mesmo, na mellora da sinaléctica contemplarase:

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 02/05/2018 13:14
Nº Rexistro: 30298
Data envio: 02/05/2018 13:14:24.939

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

a) unha mellora das indicacións da Capela de Santa Águeda

b) unha advertencia da perigosidade da incorporación á estrada OU-105, en canto non se tomen medidas ao respecto.

2. Desenvolver os estudos técnicos necesarios para poñer en marcha novas actuacións que melloren a falta de seguridade do Camiño de Santiago ao seu paso por Seixalbo e as súas intersecções coa estrada OU-105 con especial atención ao paso por debaixo da ponte da vía do tren. En canto non se concreten estas medidas, mellorarase a sinaléctica de advertencia para os vehículos tanto en sentido ascendente como descendente.”

Santiago de Compostela, 2 de maio de 2018

Asdo.: **Noa Presas Bergantiños**

Montserrat Prado Cores

Olalla Rodil Fernández

Xosé Luis Rivas Cruz

Luis Bará Torres

Deputadas e deputados do G.P. do BNG

Ana Pontón Mondelo

Portavoz do G.P. do BNG

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 02/05/2018 13:14
Nº Rexistro: 30298
Data envio: 02/05/2018 13:14:24.939

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Asinado dixitalmente por:

Noa Presas Bergantiños na data 02/05/2018 13:08:45

María Montserrat Prado Cores na data 02/05/2018 13:08:50

Ana Pontón Mondelo na data 02/05/2018 13:08:52

Xose Luis Rivas Cruz na data 02/05/2018 13:08:53

Olalla Rodil Fernández na data 02/05/2018 13:08:56

Xosé Luis Bará Torres na data 02/05/2018 13:08:58